

OS PIROPOS: A OBXECTIVIZACIÓN SEXUAL DAS MULLERES

CONFERENCIA DE MARÍA LAMEIRAS

Universidade de Vigo

Os estudos lingüísticos sobre a práctica de piropear destacan que a maioría das gabanzas emitidas versan sobre a aparencia e as habilidades ou destrezas persoais, sendo as mulleres as que de forma predominante se converten nas receptoras das mensaxes que versan sobre a aparencia, e os homes sobre as habilidades e destrezas persoais. A atención e valor outorgado á “aparencia” das mulleres, fronte á atención dispensada ás “accións” dos homes, conéctase coas identidades xenerizadas que describen e prescriben como deben ser e comportarse mulleres e homes nas sociedades patriarcais de primacía masculina. Será, por tanto, o obxectivo deste relatorio abordar o estudo das gabanzas incorporando unha perspectiva de xénero que nos permita resitalo desde o marco das asimetrías de poder e as opresións e subordinacións impostas ás mulleres. A través desta análise será posible explorar como en gran medida as gabanzas recibidas polas mulleres someten a súa identidade aos seus corpos sexuados, encorsetados nos ideais de beleza, vinculando ao valor dos seus corpos toda a súa valía; e, en contrapartida, a través da práctica de piropear os homes desenvolven e exploran a súa identidade nos espazos de aprendizaxe homosociais que reforzan o desenvolvemento de masculinidades hexemónicas. A gabanza convértese así nun instrumento máis de obxectivización/cousificación e control dos homes sobre as mulleres, reproducindo o formato bipolar do sexismo ambivalente (Glick e Fiske, 1996), que combina as formas de sexismo máis benevolentes (“positivas”) coas formas máis hostís (negativas) que impactan na vidas das mulleres.

Bionota

María Lameiras é licenciada (1987) e doutora (1994) en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora catedrática da Universidade de Vigo na área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos no ámbito dos Estudos de Xénero e Sexualidade. É investigadora principal do grupo PT1 da Universidade de Vigo “Saúde, sexualidade e xénero” desde 1996, con preto de 200 artigos publicados en revistas nacionais e internacionais e unha vintena de libros como autora ou coautora, e con máis de 200 comunicacións presentadas en congresos nacionais e internacionais. Realizou estadias en universidades europeas, norteamericanas e iberoamericanas, sendo as máis recentes nas universidades estadounidenses de Princeton (durante un semestre en 2015), John Hopkins (durante un semestre en 2017), George Washington (durante un semestre en 2018) e del Paso e Ciudad Juárez (durante un trimestre en 2019). Ademais, foille concedida unha estadia para o ano 2024 no Instituto Karolinska en Estocolmo (Suecia) durante un semestre (marzo-agosto). Asumiu responsabilidades de xestión con cargos unipersoais destacando o de vicerreitora da Universidade de Vigo (2010-2014). Participou no proxecto COST financiado pola Unión Europea sobre o tema “Femicide across Europe”(2013-2017).